

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Ética e deontoloxía profesional				
Materia	Ética e deontoloxía profesional			
Código	O05G120V01903			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Álvarez García, David			
Profesorado	Álvarez García, David			
Correo-e	davidalvarez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia ten por obxectivo desenvolver as competencias necesarias para un exercicio reflexivo da práctica profesional. Incide fundamentalmente no exercicio do xuicio crítico, na capacidade argumentativa nun contexto de razón pública así como na comprensión das responsabilidades parellas á función docente e ás institucións educativas dentro da sociedade.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
B8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
B9	Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable
B10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
B11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
C5	Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseados na aprendizaxe de competencias
C8	Coñecer os fundamentos da Educación Primaria
C9	Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan

C12	Abordar e resolver problemas de disciplina
C13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais
C16	Deseñar, planificar e evaluar a actividade docente e a aprendizaxe no aula
C17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en Educación Primaria
C19	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación
C20	Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D5	Coñecemento de informática relativos ao ambito de estudo
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D11	Traballo nun contexto internacional
D15	Compromiso ético
D16	Aprendizaxe autónoma
D17	Adaptación a novas situacións
D22	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Capacidade de analizar e sistematizar a información, e administrar e ser responsable do seu propio traballo.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B8 B9 B10	C8 C12	D1 D2 D7 D11 D15 D16 D17
2. Capacidade para investigar, analizar, evaluar e utilizar o coñecemento actual.		B1 B2 B6 B7	C8 C12 C16 C17	D1 D2 D7 D11 D16 D17
3. Habilidade básica para defender en público as súas opinións.		B11	C12 C16 C20	D1 D3 D7 D11 D15 D16 D17
4. Saber distinguir moral e ética, e coñecer os rasgos fundamentais básicos do discurso ético. Coñecer os desafíos máis destacados suscitados á ética como proposta normativa universalizable e as principais directrices metodológicas seguidas na resolución das controversias morais. Coñecer as claves para entender e valorar as principais teorías éticas normativas, as dificultades de xustificación de determinados principios morais, así como as claves para entender e valorar destacadas propostas éticas de resolución de conflitos morais que preocupan á sociedade do noso tempo.	A1 A2 A4	B11	C5 C8 C9 C12	D1 D3 D7 D15 D16 D17
5. Capacidade para recoñecer e analizar críticamente argumentos éticos de nivel básico e para recoñecer as cuestións esenciais que subyacen ás controversias morais que persisten nas nosas sociedades.			C5 C8 C9 C13 C19 C20	D1 D3 D7 D11 D15 D17
6. Capacidade para afrontar autónomamente os problemas que suscitan as teorías éticas e consideralos un reto á súa propia forma de pensar.			C8 C9	D1 D3 D5 D7 D11 D15 D16 D17

7. Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais. Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática. Coñecer e abordar situacións escolares en contextos multiculturales. Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectas á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuales e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e intergeneracionales; multiculturalidad e interculturalidad; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sostenible. Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico. Valorar a relevancia das institucións públicas e privadas para a convivencia pacífica entre os pobos.	C5 C8 C9 C12	D1 D3 D7 D11 D15 D16 D17 D22
8. Capacidade de recoñecer a relevancia e utilidade social da ética e de recoñecer as constantes implicaciones éticas que ten a práctica educativa e tomar conciencia das mesmas.	C5 C8 C9	D1 D3 D7 D8 D11 D15 D17
9. Capacidade de consolidar unha identidade docente ética, comprometida coa súa responsabilidade social no contexto educativo.	C5 C8 C9 C12	D1 D3 D7 D15 D16 D17
10. Habilidad para gestionar y resolver conflictos, dilemas y problemas éticos vinculados a la tarea educativa.	C5	D3 D15 D17
11. Contribuír á reflexión sobre a autonomía profesional do mestre.	C5 C8 C9 C12	D1 D2 D3 D7 D11 D15 D16 D17

Contidos

Tema	
Ética e moral: aproximación conceptual.	Bases socio-antropolóxicas da moral. O fenómeno moral. A Ética: teorías e problemas de fundamentación.
Razóns éticas, razóns para a ética: A Ética e os seus límites.	Deontoloxismo vs. Teleologismo. Teorías éticas contemporáneas.
Principios morais e casos prácticos: autonomía, xustiza, tolerancia.	Interrelación dos principios e as regras na práctica profesional docente. Principios de Xustiza nas institucións educativas.
Ética, educación e Dereitos Humanos.	Ética da diferenza, do coidado e da dependencia. Ética e lexitimidade democrática. A Comunidade Educativa e o seu contexto: ética, cidadanía e desenvolvemento.
Aproximación á deontología profesional: deontología profesional no eido educativo.	Transformacións socioculturais e demanda crecente de formación ético-moral: actitudes fronte a fenómenos como a discriminación, educación e xénero, etc.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Saídas de estudo	0	8	8
Estudo de casos	6	6	12
Foros de discusión	8	0	8
Traballo tutelado	6	12	18
Seminario	15	24	39
Lección maxistral	15	45	60
Resolución de problemas	0	3	3
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición

Saídas de estudo	Visita a unha institución innovadora en Educación Democrática co fin de observar na práctica o funcionamento do modelo educativo e do rol do educador nun contexto de educación autónoma e automotivada.
Estudo de casos	Análise e razonamento de casos prácticos e dilemas de ética profesional en contextos educativos.
Foros de discusión	Posta en común e deliberación arredor de cuestións relativas á materia. Na maior parte destes casos a posta en común presupón o traballo individual previo das cuestións a examinar.
Traballo tutelado	Desenvolvemento de prácticas especialmente deseñadas para poñer en práctica as competencias da materia a través de problemas específicos.
Seminario	A dinámica de seminario impica a co-rresponsabilidade na presentación de lecturas especialmente escollidas para suscitar a reflexión sobre problemas específicos e a aportacións de cuestións e contribucións que evidencien un grao de comprensión da materia e dos problemas correspondentes.
Lección maxistral	Desarrollo por parte do docente dos principais conceptos e contidos do temario, apoiado polas lecturas sinaladas e en interlocución coa clase.
Resolución de problemas	Sondeo mediante técnicas de entrevista, transcripción e análise, do tipo de razoamento moral predominante respeito da ética profesional e as convencións deontolóxicas da práctica.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A profesora desenrolará os contidos en forma de sesión maxistral .estableceéndose un periodo de preguntas e respostas en forma de coloquio o rematar.
Saídas de estudo	Atención personalizada
Estudo de casos	Atención personalizada

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Seminario	A dinámica de seminario implica (A) a co-responsabilidade na presentación de lecturas, a partcipación con uestións enriquecedoras da reflexión conxunta (30%); e (B) a resolución personal de casos prácticos de aplicación dos contenidos teóricos (40%).	70	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B6 B7 B8 B9 B10 B11	C5 C8 C9 C12 C13 C16 C17 C19 C20	D1 D2 D3 D5 D7 D8 D11 D15 D16 D17
Exame de preguntas de desenvolvemento	EXAME FINAL: resposta a cuestións deseñadas para amosar a capacidade de relación e comprensión dos principais conceptos da materia ou a súa conexión con problemas reais.	30	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B6 B7 B8 B9 B10 B11	C5 C8 C9 C12 C13 C16 C17 C19 C20	D1 D2 D3 D5 D7 D8 D11 D15 D16 D17

Outros comentarios sobre a Avaliación

A modalidade de Seminario está fraccionada en dúas cualificacións parciáis de 30% e 40% da nota.

As alumnas e alumnos non-presenciais únicamente realizarán as probas do exame finaL, co seguinte criterio de cualificación: COMENTARIO DE TEXTO 60% Exame---40% Podendo alcanzar así o 100%

Segunda convocatoria: ***As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico***

Data do exame: Consultar a web da facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

KOHLBERG, L., **La Educación Moral según Lawrence Kohlberg**, Gedisa,

LIPMAN, M., **Pensamiento complejo y educacón**, Ed. La Torre,
RANCIERE, J., **El maestro ignorante**, Laertes,
NUSSBAUM, M. C., **Sin fines de lucro**, Katz,
GUTTMAN, A., **La educación democrática**, Paidós,
NODDINGS, Nel, **La educación moral**, Amorrortu, 2009

Bibliografía Complementaria

ROEMER, J., **"Variantes de la Igualdad de Oportunidades"**, FRACTAL,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos/O05G120V01103
Socioloxía: Socioloxía da educación/O05G120V01105

Outros comentarios

O seguemento periódico da plataforma FAITIC resulta crucial para o aproveitamento da materia.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen:
As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo non que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

* Metodoloxías docentes que se modifican:
Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):
No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:
Non hai modificacións nos contidos a impartir.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:
A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

* Outras modificacións:
 Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Moovi como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.
 No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:
Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2021-22. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.
Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican:
Para o curso 2021-2022, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:
Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional:
Non hai.